



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como construír unha norma.

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como construír unha norma

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	16
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2022
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 11/02/2022 - 08:00h ao 14/02/2022 - 23:55h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Hoxe en día a Administración exerce un papel esencial na regulación das relacións sociais desde todas as súas perspectivas, ben como propoñente das normas que han aprobar os respectivos parlamentos ben como lexislador material en determinados ámbitos. Para que este labor normativo se desenvolva de forma óptima, debe axustarse a unha serie de directrices que constitúen unha sorte de manual común para todas as entidades públicas.

Neste curso abordarase, desde un punto de vista práctico, o proceso de elaboración dunha norma, analizando como se deben estruturar os contidos que a integran e que linguaxe e estilo se debe utilizar para que as normas sexan certas e comprensibles, así como en xeral todos aqueles aspectos que se deben observar para que a produción normativa sexa de calidade.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional que se encadre nalguna das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

### PROGRAMA

O curso estará organizado en catro módulos. Os temas que se tratarán en cada módulo serán os seguintes:

- Módulo 1: O expediente normativo.
- Módulo 2: Estilo normativo.
- Módulo 3: Técnica normativa.
- Módulo 4: Caso práctico.

Programa-díptico completo accesible na web da EGAP.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e pola hora de inscrición ata completar o número de prazas.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido para as persoas destinatarias e requisitos de selección nas bases terceira e oitava, respectivamente, da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeira a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en "nome do curso": Curso monográfico As directrices de técnica normativa: como construír unha norma.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 22/02/2022 a 23/02/2022

**NUM. PRAZAS:** 50 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

Joaquin Meseguer Yebra

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 5:** O día 22 de febreiro de 09:30 a 14:30. O día 22 de febreiro de 16:30 a 19:30. O día 23 de febreiro de 09:30 a 14:30. O día 23 de febreiro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA